

## Información xeral do pacto.

Infórmannos das previsións de publicacións para este trimestre.

- **Martes 23 de xuño**: listas provisionais de admitidos/excluídos e provisionais de baremación de Técnico/a Superior e técnico/a grao medio de PRL e Traballador/a social.
- **Semana do 23 ao 26 de xuño**:
  - Apertura da primeira inscrición de calefactor, mecánico, electricista e fontaneiro.
  - Para a semana publicarán as listas definitivas tras recursos de médicos de familia.
- **Xullo**: listas definitivas de fisioterapeutas, logopedas e terapeutas ocupacionais.
- **Conductor queda para setembro**. Non poden sacar conductor de vehículos especiais como categoría, porque é un posto de traballo. Teñen que modificar a folia de inscrición do FIDES e así conductor de vehículos especiais será unha sublista dentro da categoría de conductor.
  - **Lavandeira e pasadora de ferro** quedan para despois do verán.
  - En **outubro** farase unha actualización automática das listas definitivas publicadas a día de hoxe.

Recordóuselle á Administración o acordo de que para a cobertura de condutores do CTG se chamará primeiro á lista do CTG, e unha vez esta esgotada esta lista, chamarase con carácter subsidiario pola lista de condutores do Sergas a aqueles/as aspirantes que reúnen os requisitos do carné de conducir.

Dende **CIG-Saúde** denunciámos que en Burela se está a permitir que os/as aspirantes vinculados/as a unha IT sen data de finalización, que pasen a estar dispoñibles días antes de que finalice a IT. Esiximos que ata a comunicación da alta por parte do titular non pode figurar como dispoñible. Aceptaron a nosa petición.

Dende **CIG-Saúde** solicitamos que se establezan uns criterios de chamamentos na categoría de radioterapia en Lugo, posto que non hai listas desta categoría e se vai a abrir este servizo nesa localidade. A resposta foi, que no caso de que ese servizo se cubra con persoal das listas, se faría chamando ás áreas limítrofes.

Dende **CIG-Saúde** solicitamos que se permita en Burela a ampliación do tempo de formación práctica específica para poder formar a TEAP na área especial de citodiagnóstico.

Volvemos reiterarnos en que as renuncias ás listas teñen que facerse por escrito ao igual que a

inscrición. A Administración adianta que barallan varias solucións e que nos informarán máis concretamente na próxima mesa de negociación do pacto.

Dende **CIG-Saúde** denunciámos que en Vigo a xerencia anunciou que só lle ofertarán contratos superiores a 1 mes ás embarazadas. Esiximos a rectificación desta decisión e que ás aspirantes embarazadas se lles oferten todos os contratos que lles correspondan por orde de prelación.

Dende **CIG-Saúde** solicitamos que na xeración automática de outubro de 2015, non figure, na área de A Coruña/Zona Cee, a lista de TEAP nin a área especial de UCI/REA/Queimados de Enfermería.